GLOSARIO

Afixo : Elemento formativo que, coa raíz, contribúe á formación da palabra.

Ager publĭcus : Territorio, propiedade de Estado.

Apodyterium : Sala das termas romanas que se utilizaba como vestiario.

Anafórico : Pronome que realiza unha función anafórica ao facer referencia a algo ou a alguén xa mencionado.

Analoxía : Termo que se utiliza para designar certas alteracións que sofren as palabras co fin de facerse semellantes a outras formas máis normais ou máis abundantes na lingua.

Anarquía : Falta de goberno.

Anarquía militar : Período da historia de Roma que comprende do 235 ao 285 d.C, ano en que é nomeado emperador Diocleciano.

Antecedente : Palabra á que vai referida a oración de relativo, coa que concorda o pronome relativo en xénero e en número.

Apofonía : Cambio, xeralmente a **i**, **u**, ou **e**, dun vogal breve en sílaba interior aberta.

Arena : Espazo de forma elíptica que quedaba no centro do anfiteatro romano.

Ariete : Especie de estaca rematada por unha cabeza metálica de carneiro, do nome da cal, **aries**, deriva o de ariete.

Arúspices : Sacerdotes especializados na interpretación da vontade divina a través da observación das entrañas dos animais sacrificados, especialmente do fígado. Tamén interpretaban os presaxios e determinaban a forma de aplacar os deuses que manifestaban a súa cólera por medio deses fenómenos extraordinarios.

Asimilación : Cambio fonético polo que dúas consoantes en contacto se fan iguais ou semellantes.

Atramentum : Líquido negro usado para escribir. Tinta.

Atrium : Patio interior da casa romana, centro neurálxico da casa onde se atopan o **compluvium** e o **impluvium.**

Augur : Adiviño que interpreta os presaxios por medio das aves.

Augures : Colexio de sacerdotes que se encargaban da interpretación da vontade dos deuses mediante a observación do voo das aves, o estado do ceo, o apetito dos polos sagrados, etc.

Augustus : Significa *augusto, maxestoso, venerable.* Sobrenome de Octavio e título dado aos emperadores romanos.

Auriga : Condutor dos carros de carreiras no circo romano.

Auspicios : Signos polos que se podía coñecer a vontade dos deuses, tales como: o voo das aves, as entrañas dos animais, os fenómenos meteorolóxicos, etc. Era indispensable consultar os auspicios antes de emprender calquera empresa.

Balnea : Baño particular. Con esta palabra, en plural, denomínanse aos baños públicos.

Bigas : Carros tirados por dous cabalos guiados polos aurigas, que competían nas carreiras que se celebraban no circo romano.

Bulla : Especie de medallón redondo que levaban colgado ao colo os nenos romanos. Impoñíaselle durante a **lustratio** como amuleto protector dos malos espíritos. Aos dezasete anos, o novo romano quitábaa e consagrábaa aos lares domésticos.

Calămus : Cana cortada oblicuamente na súa base. Utilizábase na antigüidade como pluma para escribir sobre papiro ou pergameos.

Caldarium : Lugar das termas romanas en que había unha piscina de auga moi quente. Ás veces, tamén se utilizaba para tomar baños de vapor.

Cáligas : Sandalias militares.

Capĭtis deminutio maxĭma : Sentenza xudicial aplicada por delitos moi graves que levaba consigo a perda da liberdade.

Carcĕres : Lugar de onde arrancaban os carros nunha carreira no circo romano.

Cardo maxĭmus : Cale principal da cidade romana, que vai de norte a sur, e que é perpendicular ao **decumānus**.

Caso : Forma que adopta unha palabra segundo a función que desempeña na oración.

Castra : *Campamento.* Tiña forma cuadrangular. Estaba rodeado por un terraplén sobre o que se levantaba unha estacada e protexido por un foso arredor. Estaba atravesado por dúas rúas principais na intersección das cales estaba a tenda do xeneral, un altar e o espazo para as arengas. As tendas dispoñíanse en sitios fixos ao longo de rúas perpendiculares entre si. O exército en marcha construía o campamento ao rematar a etapa. Había campamentos permanentes, **castra statīva** e campamentos de inverno, **castra hiberna**.

Castro : Poboado celta, as vivendas do cal presentaban unha planta circular.

Catafórico : Pronome que realiza unha función catafórica ao facer referencia a algo ou a alguén que se vai mencionar.

Cathĕdra : Asento con respaldo dende o que o mestre ensinaba na escola romana.

Cavea : No teatro romano denomínase **cavea** ás bancadas concéntricas ocupadas polos espectadores.

Censo : Empadroamento quinquenal dos cidadáns e das súas fortunas, que permite determinar as clases, as centurias e o imposto.

Cives : Cidadáns romanos que gozaban dunha serie de dereitos.

Clientes : Homes libres, carentes de privilexios. Na súa orixe eran, probablemente, estranxeiros que voluntariamente estaban unidos a un **patrōnus**, do que recibían protección. Nas eleccións apoiaban as candidaturas dos seus patróns.

Codex : Recompilación das **Constitutiōnes** dos emperadores.

Coemptio : Variante do matrimonio **cum manu** que consistía na compra simulada da noiva.

Cognōmen : O terceiro nome que se impoñía aos nenos romanos. Era o sobrenome da **gens**.

Cohorte : Unidade táctica do exército romano. Estaba constituída por 600 homes, pois comprendía 3 manípulos de 200 homes cada un.

Colonias : Poboacións fundadas deliberadamente por persoas procedentes doutro lugar. As colonias romanas eran asentamentos de soldados veteranos ou de cidadáns romanos dentro das provincias.

Comitia : Asembleas do pobo romano. Existían diferentes tipos de comicios: curiados, **curiāta**, centuriados, **centuriāta** e tributos, **tribūta**, baseados nas distintas divisións do pobo romano, en curias, centurias ou tribos. Tiñan distintas competencias en materia lexislativa, relixiosa e xudicial.

Compluvium : Abertura no teito do **atrium**, que permitía que pasase a luz e a auga da chuvia que caía ao **impluvium**.

Concilia plebis : Asembleas da plebe. As decisións adoptadas nelas denominábanse plebiscitos.

Concubinātum : Matrimonio ilegal entre os non cidadáns.

Confarreatio : Variante do matrimonio **cum manu** que constaba dunha cerimonia na que os esposos compartían o **panis farreus**.

Conxugación : Flexión verbal.

Consilium principis : Órgano deliberante, de carácter civil creado por Octavio Augusto. As súas funcións non estaban ben definidas.

Constitutiōnes : Leis promulgadas polo emperador. Convertéronse na nova fonte do dereito durante o Imperio.

Cónsules : Maxistrados que representan a máxima autoridade. Elixíanse dous. Convocan e presiden o senado e os comicios, administran a xustiza, asumen a dirección das finanzas públicas e conducen a guerra.

Controversiae : Exercicios que realizaban os alumnos para aprender elocuencia. Consistían en discusións entre dous escolares que defendían distintos puntos de vista sobre temas variados.

Contubernium : Matrimonio entre escravos ou entre unha persoa libre e unha escrava.

Conventus : Subdivisión administrativa en circunscricións menores das provincias romanas.

Cuadrigas : Carros tirados por catro cabalos guiados polos aurigas, que competían nas carreiras que se celebraban no circo romano.

Culīna : Cociña, fogón.

Curia : Primitivamente, agrupacións en que se subdividiron as tres primeiras tribos de cidadáns. Tamén era o lugar onde se reunía o Senado. Nas provincias, consello de cidadáns que participaban no goberno da cidade.

Cursus honōrum : Especie de carreira política, que obrigaba a comezar por un determinado cargo para poder acceder, despois de trans-correr dous anos, ao inmediatamente superior.

Decemvīri : Grupo de dez homes que se encargaron de redactar a Lei das Doce Táboas.

Declinación : Conxunto de formas que presentan os substantivos, adxectivos e pronomes para indicar as distintas funcións sintácticas.

Decumānus maxĭmus : Rúa principal da cidade romana, perpendicular ao **cardo**, que vai deste a oeste.

Desinencia : Sufixo flexivo que se engade á raíz ou ao tema na declinación ou na conxugación.

Desinencia persoal : Sufixo flexivo das formas persoais, que indica a persoa, o número e a voz.

Dextrārum iunctio : *Unión das destras.* Na cerimonia da voda a **pronŭba** unía as mans dereitas dos contraentes.

Dies fasti : Días nos que a divindade era propicia para iniciar calquera actividade. Eran sinalados no calendario polos pontífices.

Dies nefasti : Días nos que a divindade non era propicia para iniciar ningunha actividade. Eran sinalados no calendario polos pontífices.

Diffarreatio : Disolución solemne do matrimonio que se celebrara por **confarreatio**.

Digesta : Recompilación do máis prestixioso dos xuristas realizada por Xustiniano. Tamén se lle chama **Pandectae**.

Dobrete : Cada unha das dúas palabras que posúen unha mesma orixe etimolóxica.

Domus : Tipo de casa romana ocupada por unha familia, dunha soa planta, aberta cara ao interior, con cuartos dispostas en torno o **atrium.**

Dominado : Segunda etapa do período da historia de Roma denominado Imperio. Comprende do 284 o 476 d.C.

Domĭnus : Significa *amo, señor.* Título dado aos emperadores a partir de Diocleciano. De aí deriva Dominado, nome co que se coñece ao segundo período do Imperio.

Duumvīri : *Duumviros.* Nomee de diferentes maxistrados en Roma e tamén cada un dos dous presidentes dos decurións nas colonias e municipios.

Edís : Maxistrados encargados da administración municipal. Nas provincias romanas eran dous e constituían a policía da cidade.

Emerĭti : Soldados romanos licenciados. Estes eran recompensados polo emperador con terras que, posteriormente, deron lugar a cidades como Mérida, **Emerĭta Augusta.**

Enunciado : Formas que se utilizan para referirse a un substantivo, adxectivo, pronome ou verbo.

Equĭtes : Significa *cabaleiros.* Eran cidadáns romanos pertencentes a unha clase social intermedia entre os patricios e os plebeos. Eran poderosos, porque se beneficiaban das actividades lucrativas prohibidas aos senadores.

Estoicismo : Corrente filosófica fundada por Zenón de Citio no s. IV a.C. O ben supremo atópase no esforzo por alcanzar a virtude, a ausencia de paixóns, a resignación ante o destino.

Étimo : Termo do que derivan outros.

Ex cathĕdra : *Dende a cátedra.* Esta expresión latina utilízase cando se quere indicar que se fala en sentido doutrinal.

Falanxe : Unidade táctica do exército romano durante a Monarquía. Constaba de seis filas de 500 soldados cada unha.

Feciais : Colexio de sacerdotes encargados de cumprir os ritos antigos sobre a declaración de guerra e tratados de paz.

Feriae : Festividades estritamente relixiosas, entre as que sobresaían as Lupercalia e as Saturnalia.

Filium tollĕre : *Levantar o fillo.* Acción que realizaba o **paterfamilias** para recoñecer un fillo acabado de nacer ao que se colocaba aos seus pés.

Flámines : Colexio de sacerdotes asignados ao culto dun deus concreto. Había tres flámines maiores, o de Xúpiter (**Diālis**), o de Marte (**Martiālis**) e o de Quirino (**Quirinālis**) e doce menores, consagrados a deuses como Pomona, Flora, Furrina, etc.

Flammeum : Veo de cor alaranxada que cubría o rostro da noiva durante a cerimonia da voda.

Fórico : Pronome que realiza unha función fórica ao facer referencia a algo ou alguén que xa se mencionou ou que se vai mencionar.

Foro : Praza pública dunha cidade. Nos campamentos romanos era o lugar onde estaba a tribuna para falar á tropa.

Frigidarium : Estanza destinada ao baño de auga fría nas termas.

Frons scaenae : Muro que representaba a fachada dun pazo, adornado con frisos, columnas, estatuas, etc., con portas polas que entraban e saían os actores.

Genius : Divindade particular de cada home, que nacía e morría con el.

Gens : Conxunto de familias os xefes das cales descendían dun antepasado común, **pater**. Posteriormente desapareceu e separáronse as distintas familias.

Gladiador : Home que combatía contra outros ou contra feras nos espectáculos do circo e do anfiteatro romanos.

Ortogonal ou hipodámico : Trazado das cidades antigas adoptado polos romanos. Debe o seu nome a Hipódamo de Mileto, arquitecto grego do s. V a.C. Consiste nun rectángulo atravesado por diversas rúas que se cortaban perpendicularmente.

Paedagōgus : Escravo, polo xeral de orixe grega, que se encargaba de acompañar continuamente o neno.

Pandectae : Recompilación do máis prestixioso dos xuristas realizada por Xustiniano. Tamén se lle chama **Digesta**.

Panis farreus : Pastel de fariña de trigo que compartían os contrayentes durante a cerimonia do matrimonio, chamado por isto **confarreatio**

Parisílabo : Igual número de sílabas.

Pater : Antepasado común do que descenden os membros da **gens**

Pater familias : Xefe de cada unha das familias que constitúen unha **gens**. Era o sacerdote do culto familiar.

Patres : Membros do Senado.

Patricios : Forman a clase privilexiada. Teñen a súa orixe nas cen primeiras familias que se asentaron en Roma. Recoñecían un antepasado común **pater**, formaban parte da mesma **gens**, tiñan o mesmo **nomen gentilicium** e celebraban o mesmo culto **sacra gentilicia.**

Patrōnus : Membro dunha familia patricia ao que estaba ligado un cliente por lazos xurídicos.

Penates : Deuses do fogar que se encargaban da prosperidade material da familia. O Estado tamén tiña os seus Penates públicos.

Peregrīni : Denominábase así as persoas que no Imperio romano non eran cidadás romanas.

Peristylum : Xardín cun pórtico sustentado por columnas, situado na parte traseira da **villa** romana.

Petronio Arbĭter : Escritor satírico latino, autor do Satiricón. Adóitaselle identificar cun personaxe próximo ao emperador Nerón e nomeado por el "árbitro da elegancia". Acusado de participar na conspiración de Pisón contra o emperador, viuse obrigado a suicidarse no ano 65 d.C.

Plauto, Tito Maccio : Comediógrafo latino. A súa vida transcorreu, probablemente, entre o 250 e o 184 a.C. Atribúenselle cento trinta comedias, das que se conservaron vinte. Estas obras constitúen case o único testemuño do latín literario desta época. Influíron en autores como Shakespeare e Molière.

Plebeos : O seu nome deriva de **plebs** *plebe.* Cidadáns libres carentes de dereitos durante a Monarquía e primeiros tempos da República, polo que se enfrontaron aos patricios para conseguilos.

Plebiscitos : Decisións da plebe adoptadas nas súas asembleas.

Polis : Palabra grega que significa cidade estado. Comunidade política que se administraba por si mesma.

Pontífices : *Construtores de pontes.* Colexio sacerdotal presidido polo **pontĭfex maxĭmus**, cargo de grande influencia relixiosa e política. As súas compoñentes encárganse de confeccionar o calendario e do culto público.

Popŭlus : Conxunto de cidadáns con dereitos políticos que forman unha comunidade.

Praenōmen : Primeiro dos tres nomes impostos aos nenos romanos. Correspóndese co nome persoal.

Prandium : *Xantar.* Era unha comida lixeira. Tomábase cara ao mediodía, xeralmente de pé, e consistía en restos do día anterior, queixo e froitas.

Prefecto do pretorio : Xefe da garda pretoriana.

Prefixo : Afixo que se engade por diante a unha palabra.

Pretor : Maxistrado que se ocupaba de todo o relacionado coa xustiza, e asumía o máximo poder en ausencia dos cónsules.

Princeps : Título que o Senado concedeu a Illote Octavio, significa *o primeiro dos cidadáns.* De aí deriva o nome do primeiro período do Imperio.

Principado : Primeira parte do período da historia de Roma denominado Imperio. Comprende do 20 a.C. ata o ano 235 d.C.

Principes : Soldados experimentados que se colocaban na segunda liña de combate.

Procónsul : Cónsul que cando remataba o seu cargo político recibía o goberno dunha provincia ou o mando dun exército.

Proletarii : *Proletarios.* O seu nome deriva de **proles** *descendencia.* Eran cidadáns pobres que só tiñan fillos.

Pronūba : Muller casada unha soa vez que asistía os esposos na cerimonia do matrimonio. Unía as súas mans en presenza dun sacerdote de Xúpiter.

Propretor : Pretor que, rematado o tempo da pretura, pasaba a gobernar unha provincia.

Provincia : Cada unha das divisións administrativas en que se dividía un territorio conquistado polos romanos.

Quinquerreme : Embarcación de cinco filas de remos.

Raíz ou lexema : Elemento base da palabra portador de significado, común a todas as palabras dunha mesma familia.

República : Res publĭca *cousa do populus.* Forma de goberno que durou en Roma do 509 ao 27 a.C. Preocúpase dos intereses públicos e comúns.

Rhetor : Mestre de retórica co que os novos romanos aprendían elocuencia.

Rotacismo : Paso a **r** da **s** intervocálica.

Salios : Sacerdotes de Marte. En marzo protagonizaban unha cerimonia, que consistía en bailar unha estraña danza guerreira e entoar unha canción arcaica. Os bailaríns eran elixidos entre os novos patricios e ían ataviados cun uniforme e escudos de bronce moi antigos.

Satiricón : Novela picaresca escrita por Petronio. Significa *historia de sátiros.* Desta obra só se conservan algúns fragmentos. Relata as andanzas de dous mozos e un rapaz polos baixos fondos das cidades do sur de Italia. A pasaxe máis coñecida é o do "Banquete de Trimalción".

Saturnalia : Festa relixiosa que se celebraba en decembro en honra de Saturno. Nela intercambiábanse regalos, invertíanse os papeis e os escravos eran servidos polos amos, etc.

Scaena : No teatro romano plataforma rectangular de máis dun metro de altura na que se desenvolvía a acción.

Senado : Órgano consultivo formado por antigos maxistrados. O número de senadores variou durante as distintas épocas da historia de Roma.

Senadores : Membros do Senado.

Senātus consultum : Decisións do Senado que, en principio, tiveron un carácter orientativo para os maxistrados e no Imperio alcanzaron a categoría de leis.

Síncope : Perda dun vogal breve entre consoantes.

Sistema de perfecto : Conxunto de tempos que se constrúen co tema de perfecto.

Sistema de presente : Conxunto de tempos que se forman co tema de presente.

Spina : Muro que se elevaba no centro do circo romano en sentido lonxitudinal.

Stipendium : Paga que se daba aos soldados romanos a partir da República.

Stylus : Punzón co que os romanos escribían sobre taboíñas enceradas. Polo outro extremo estaba aplanado e servía para borrar ou estender a cera.

Suasoriae : Exercicios dos alumnos de retórica. Consistían en monólogos nos que os personaxes famosos da historia ou da mitoloxía sopesaban as vantaxes e inconvenientes antes de tomar unha decisión.

Sufixo modal-temporal : Sufixo que nos verbos indica o modo e o tempo.

Sufixos : Afixos que se unen ao lexema para indicar as categorías gramaticais: xénero, número, caso, tempo, modo, número e persoa.

Tabernae : Estanzas da **domus** que daban á rúa e que se utilizaban para os negocios familiares ou se alugaban.

Tablīnum : Sala na que traballaba o señor da casa ou comedor no que se situaba o **triclinium**.

Tabŭlae nuptiāles : Contrato matrimonial.

Tema : Radical formado polo lexema e un vogal temático.

Tema de perfecto : Elemento diferenciador do sistema de perfecto común a todas as formas deste sistema.

Tema de presente : Elemento diferenciador do sistema de presente común a todas as formas deste sistema.

Tepidarium : Nas termas, recinto no que se tomaba o baño de auga morna.

Terencio : Comediógrafo latino. A súa vida transcorreu do 193 ou 183 a.C. ao 159. Nas seis comedias que se lle atribúen apréciase unha finalidade moral. Influíron na primitiva comedia inglesa.

Termas : Lugar destinado aos baños públicos.

Testūdo : *Tartaruga.* Manobra que permite que un destacamento de soldados avance de forma protexida. Os soldados que van dentro cóbrense a cabeza cos escudos e os que van nos lados, o peito, de modo que presenta o aspecto dunha tartaruga.

Tetrarquía : Goberno de catro: dous Augustos e dous Césares que, chegado o momento, sucedían aos Augustos.

Toga praetexta : Toga branca, reberetada de púrpura. Chamábase pretexta en contraposición da habitual, toga viril. Os nenos romanos usábana ata os dezasete anos.

Toga viril : Toga, vestido dos cidadáns romanos. Os novos romanos vestíana dende os dezasete anos, idade na que abandonaban a **toga praetexta**.

Triarii : Soldados veteranos que estaban na terceira liña de combate.

Tribūnus celĕrum : Tribuno militar. Na Monarquía era o xefe da cabalaría.

Tribūnus milĭtum : Tribuno militar, oficial do exército romano. Na Monarquía exercía o mando da infantaría e era elixido entre os cidadáns con máis experiencia no combate. Posteriormente, podía recibir o mando dunha lexión, pois era un oficial de rango superior. En principio, había seis tribunos por lexión.

Triclinium : Cuarto destinado ao comedor nas vivendas romanas. Tamén se chama triclinio ao leito de mesa con capacidade para tres ou máis persoas en que os romanos se reclinaban para comer.

Triunvirato : Asociación de tres estadistas, normalmente políticos e militares, coa finalidade de acaparar o poder.

Venatiōnes : Cazarías de animais que se ofrecían como espectáculo no anfiteatro.

Vestais : Sacerdotisas de Vesta. Ao parecer, eran elixidas polo **pontĭfex maxĭmus** cando eran nenas entre as familias patricias máis antigas de Roma. Encargábanse de manter acendido o lume sagrado de Vesta. Gozaban de numerosos privilexios, pero debían gardar castidade so pena de morte.

Via : *Camiño*, rúa das cidades romanas.

Villa : Tipo de vivenda romana das clases sociais máis podentes. É máis ampla e luxosa que a **domus**.

Vogal de unión : É o vogal que nos verbos se introduce entre o tema e o sufixo e tamén entre o sufixo e a desinencia persoal.

Vogal temático : Vogal que se une á raíz ou lexema dunha palabra constituíndo o tema.

Vsurpatio trinoctii : Abandono do leito conxugal durante tres noites, o que rompía o **usus**, forma de matrimonio que se baseaba na cohabitación da parella.

Vsus : Variante do matrimonio **cum manu** para o que abondaba a cohabitación da parella durante un ano.